

:: 'PUNTO E SEGUIDO'

O CIM de Soutomaior impulsa unha formación afectivo-sexual libre de tópicos e tabús cun innovador certame de relatos eróticos que combate o tópico da muller obxecto. Esta tarde entrégase o premio

Alle@s aos estereotipos sexuais

LAURA CAMINO

Sen tabús e libre de estereotipos. Así conciben as responsables do Centro de Información á Muller (CIM) de Soutomaior (Pontevedra) a educación afectivo-sexual. E así o impuxeron como condición para participar I Concurso de relatos eróticos 'Punto e seguido', cuxo premio se entrega esta mesma tarde.

Así o explicou a GALICIA HOXE a directora do CIM, Cristina García, quen lamenta que a literatura erótica "segue centrada, como o cine, no rol masculino". Por iso, e dentro do programa de asesoramento afectivo-sexual do centro, determinaron como premisa para este innovador certame "cambiar ese estereotipo de xénero, non caer no típico relato de muller obxecto".

De feito, do relato gañador, *Erótica anécdota cotiá*, o xurado destaca a capacidade da escritora Marián Muíños de "romper estereotipos ao insinuar unha relación entre dúas mulleres", así como a habilidade de expoñer unha "situación tópica que deriva nun final sorprendente".


"Tiña dez liñas dun miniconto supostamente erótico, que escribira hai sete anos, mais o concurso esixía ao redor de 600 palabras en galego", apunta a autora premiada. "Todo foi traballo e divertimento. Traballo para facer un texto entretido, que captara o interese do lector,

"Un escritor ten que matar a alguén para relatar un asasinato?"

e que tivera un final impredecible. Divertimento porque o momento máis pleno dun escritor é cando re-crea as palabras e as ideas".

Tras ter coñecemento do certame, "aínda que lles ofrecín a outras amizades escritoras a posibilidade de intervir, eles insistiron en que o fixera eu. Ninguén de nós se adica á especialidade de literatura erótica e non parecía un traballo doado", relata a escritora, que matiza que "foi necesario aclarar que non era autobiográfico. Seica un escritor que escribe sobre un asasinato ten necesariamente que matar a alguén para poder describilo? Non. O escritor é unha canle entre a fantasía e a realidade dun relato".

"Foi moi divertido –engade– ver os ollos dos amigos abertos como pratos cando se decataron que eu escribira un relato erótico". Nel, segundo matiza, o lector convértese en cómplice, en *voyeur*, e ao final termina sorprendéndose non polo que escribín senón polo que eles imaxinaron", apunta a escritora, que recibirá hoxe o premio nun acto que se celebrará ás sete da tarde no Multiusos de Soutomaior.



Cartel premiado nun concurso convocado polo centro



Páxina web do CIM de Soutomaior (www.ex-presion.com)

Doutra banda, preguntada respecto da participación no concurso do CIM, Cristina Díaz reconece que foi baixa, por ser o primeiro ano que se convocaba. Con todo, agardan repetir: "Temos a iniciativa, outra cousa é o apoio político e económico que consigamos", indica Díaz.

No entanto, o Centro de Información á Muller prosegue a súa labor no concello pontevedrés. E se de romper tópicos se trata, a súa responsable aclara que "por suposto que non só veñen mulleres, esta é unha crenza moi errónea. Achéganse moitos homes, incluso a demandar asistencia psicolóxica", e como a oficina "está situada en Arcade, que é o núcleo urbano do concello, veñen con máis facilidade que ao concello", incide Cristina Díaz. De feito, tamén houbo participación masculina no certame 'Punto e seguido', sen que se deixase notar unha diferenza polo sexo da man que es-

cribe. "Non creas que ao lelo xa vías que era un home", indica, e lembra que lle sorprendeu que "o do mozo era mesmo máis romántico".

O CIM, como outros moitos espallados pola xeografía galega, depende do Servizo Galego de Igualdade (SGI) e está subvencionado

"Achéganse moitos homes, mesmo a pedir axuda psicolóxica"

con fondos europeos. "Dependemos un 80% desa subvención, e algo a maiores que poña o concello", explica Díaz. A este respecto, lembra que unha das principais demandas que se elevan desde os Centros de Información á Muller galegos é a falta de homoxeneidade entre uns e outros CIM: "nun concello tes unha subvención, noutro tes outra distinta, hai diferentes horarios...".

MOI PERSOAL



Marián Muíños, escritora

*Era unha tarde calorosa. Eu percibía como se esvaraban pola miña pel, con bochornosa lentitude, as pingas dunha suor doce, perfumada polo baño aromático da mañá. Aceite esencial de xasmín: basicamente afrodisíaco... (extracto de *Erótica anécdota Cotiá*. Versión completa na web www.ex-presion.com)*

Marián Muíños naceu en Rosario, provincia de Santa Fe (Arxentina). Cursou estudos de profesora e traductora de inglés e comezou a publicar na veciña cidade de Granadero Baigorria, onde viviu durante 14 anos. Foi distinguida como Embaixadora Cultural desta cidade, con motivo das súas viaxes e achegas como coordinadora de Talleres Literarios e de Escritura na Casa da Cultura. Desde xuño de 2001 vive na cidade de Pontevedra, onde desenvolve un constante e fecundo labor literario. Deixou de usar o seu pseudónimo Marián Molinos Robles cando a súa híbrida condición arxentino-española lle foi desvelada e é actualmente coñecida co nome de Marián Muíños.

Aberto no ano 2004, este CIM cionica, fundamentalmente, como unha oficina de fomento de políticas de igualdade para combater os estereotipos sexistas e, neste contexto, desenvolven iniciativas para a mocidade e de educación no ámbito escolar, a través de actividades de ocio, de participación sociocultural... Unha perfecta mestura entre "formación en igualdade e participación sociocultural".

Na práctica, realizan unha asistencia en tres frentes. "Ao centro –explica a directora– acode a xente por moitos motivos. Somos unha psicóloga, unha avogada, e unha traballadora social, polo que se ofrece asesoramento xurídico, psicolóxico e asistencia social".

O relato gañador do certame 'Punto e seguido', a información ao cidadán así como os datos de contacto se poden consultar na web do centro: www.ex-presion.com. ●

A PROTAGONISTA

"Se alguén a le ou a escribe ás agochadas é por autocensura"

En que punto se atopa hoxe a literatura erótica?

Non teño dúbida de que a literatura erótica sempre foi, é e será unha lectura segura e unha venda gananciosa. Hoxe en día, todo o que estea relacionado co sexo, aínda que sexa implícito e non explícito, tal como o erótico o require, enche os nosos televisores e pantallas de cinema. Unha editorial, aínda que non cho diga, sempre valorará máis unha obra que teña referencias a relacións sexuais, principalmente se alimentan o morbo dos lectores. É triste comprobar como ás veces unha escena sexual aparece como forzada nunha boa novela. Nese caso deseguro foi unha esixencia editorial. Isto fai que moitas veces decline o nivel literario. Por outra banda, tamén existen escritores que se especializan neste xénero non tanto polo rendemento económico senón porque é parte da súa vida, en menor ou maior medida, ou de maneira excluínte de todo outro xeito de ver a vida.

Como cre que é vista na sociedade? Léese abertamente como calquera outro xénero? Existe aínda tabú?

Nos países occidentais onde non se castiga nin discrimina (ou, polo menos, iso é o que se di e o que se regula), se alguén escribe ou le literatura erótica ás agochadas é simplemente por unha autocensura. Non hai que esquecer que transgredir o prohibido sempre causa unha sensación pracenteira. Ás veces necesitamos regular os nosos propios permisos. Se todo vale, xa non hai misterio. E perdido o misterio, perdido o interese. Quero dicir que resulta interesante ser escravo e amo de si mesmo e non dos demais.

Un dos requisitos do curso era fuxir dos estereotipos. Cre que é este un punto que se cumpre á hora de escribir literatura erótica?

Coido que ás veces, cando se tenta escapar dos estereotipos máis coñecidos, se cae en novos estereotipos, que tentan substituír aos anteriores. Por iso, escribir este relato representou para min un desafío. Desexaba ir moito máis aló do límite sexual propiamente, quería plasmar a sinxeleza da eroticidad sen definir un estereotipo ou unha orientación sexual, permitindo que o lector decidise que pensar na medida que continuaba lendo. Tentei liberarme a min e ao lector de toda tentación de prexuízos. Tamén o final se pode ler de dúas maneiras diferentes: unha literal e outra figurada. Para min, escribilo foi un xogo, e é iso o que desexo transmitir acerca da eroticidade: un xogo sen complicacións, algo que xurde naturalmente do cotián.